

CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE FORMACIÓN ENTRE A ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA E O CONCELLO DA CORUÑA

A Estrada, 11 de abril de 2018

REUNIDOS

DUNHA PARTE, D. Luis Menor Pérez, director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), actuando no seu nome e representación en virtude das competencias que ten atribuídas polo artigo 12 da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública.

DOUTRA, D. Xulio Ferreiro Baamonde, alcalde do Concello da Coruña,, actuando en virtude das súas facultades, no establecido na Lei 7/1985, e o Regulamento Orgánico deste Concello.

Recoñecéndose ambas as dúas partes con capacidade e representación legal suficiente para o outorgamento do presente convenio de colaboración,

EXPOÑEN:

I.- Conforme á Lei 1/2007, da Academia Galega de Seguridade, este centro é un organismo autónomo de carácter administrativo, adscrito á consellería competente en materia de interior e xustiza. Entre outros fins, a AGASP ten encomendada a función de organizar e impartir os cursos de formación continua, perfeccionamento e especialización dos membros dos corpos de policía local, servizos municipais de protección civil e xestión de emerxencias, e servizos de prevención e extinción de incendios e salvamento, segundo o artigo 4 da devandita lei, que tamén prevé no seu artigo 5.2 a función de promover relacións de intercambio e colaboración, coas universidades e institucións de Galicia.

II.- Que conforme aos artigos 137 e 141 da C.E., a Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais lexislación estatal e autonómica, o Concello Da Coruña é unha entidade local territorial, que ten personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

Que o artigo 57 da Lei de Bases de Réxime Local contempla o Convenio como un dos instrumentos de carácter consensual, a través dos cales pode ter lugar a cooperación económica, técnica e administrativa entre os entes locais e calquera das restantes administracións territoriais.

III.- Que en aras dos principios de eficacia e eficiencia que deben presidir toda actuación administrativa, ambas partes detectan a necesidade de cooperar no exercicio da función de formación continua e perfeccionamento do persoal da seguridade pública e das emerxencias dese concello, porque brinda a oportunidade de multiplicar os logros de cada institución reducindo os custos.



Que advertidos e convencidos do interese público e común desa colaboración, acordan formalizalo xuridicamente no presente convenio e co contido que se deriva das seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA: Obxecto do convenio.

O obxecto do presente convenio é acordar un marco de colaboración entre a AGASP e o Concello da Coruña, para a formación continua do seu persoal da seguridade pública e das emerxencias.

Esta formación levarase a cabo mediante cursos e demais accións formativas sobre temas que sexan de interese profesional e que supoñan unha mellora da súa cualificación e eficacia no servizo, a través do mantemento ou potenciación da súa capacitación, así como mediante a participación en

actividades de difusión das funcións, medios e procedementos.

SEGUNDA: Cooperación e asistencia

En base aos principios de colaboración, cooperación e asistencia no ámbito do sector público a AGASP facilitaralle ao concello da Coruña os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos de xestión de emerxencias e seguridade pública que sexan competencia deste organismo. En correspondencia o concello da Coruña facilitaralle a información que poda ser de utilidade para a investigación, estudo e divulgación de contidos técnicos nos ámbitos da seguridade, protección civil e emerxencias

TERCEIRA: Organización das actividades formativas.

A organización dos cursos, xornadas e das accións formativas en xeral, deberá axustarse ás pautas seguintes:

1. O deseño, estrutura, obxectivos e as datas de cada curso serán consensuados por ambas as dúas partes, podendo ser propostos por calquera delas indistintamente.
2. A AGASP comprométese a elaborar os programas, documentación e material para o alumnado.
3. As solicitudes de participación que remita o alumnado dirixiranse ao Concello de Coruña que será o último responsable da selección de admitidos ás actividades formativas.
4. Os criterios de selección serán os que estableza o Concello da Coruña para cada convocatoria.
5. Feita a selección, confeccionarase unha listaxe de admitidos/as á que se lle dará a publicidade habitual para que cada solicitante saiba que está admitido/a e poida comunicar a imposibilidade de asistencia ao curso, se así fose.
6. Comunicarase a lista de admitidos/as a AGASP, coa antelación suficiente para poder proceder a realización dos trámites de xestión oportunos.

CUARTA: Profesorado, aulas e locais.

De forma conxunta decidiranse a selección e contratación dos profesores.

As clases impartiranse nas aulas ou instalacións do Concello da Coruña, que presenten idoneidade, capacidade e medios técnicos bastantes, ou noutras instalacións que decidan ambas partes.

QUINTA: Seguimento, coordinación e control do desenvolvemento dos cursos.

O Concello da Coruña, a través do seu persoal, ou polo que se determine en cada caso pola Comisión de seguimento, asume o control dos cursos, xornadas ou calquera acción formativa derivada deste marco de colaboración, especialmente en canto á asistencia dos alumnos ás clases, o funcionamento e emprego de medios técnicos e a atención aos docentes.

Nos diplomas que se expidan ao remate de cada curso figurarán ambas institucións, e estarán asinados polo/a alcalde/esa do Concello da Coruña, ou pola persoa en quen delegue, e polo director xeral da AGASP. O deseño dos mesmos será determinado conxuntamente.

As certificacións que poidan requirir os docentes ou alumnos sobre a súa participación ou asistencia nas actividades formativas, poderán ser expedidas por calquera das partes, facendo constar a organización conxunta.

SEXTA: Financiamento e xestión económica dos cursos ou xornadas.

O financiamento das actividades formativas desenvolvidas ao abeiro do convenio axustarase ás seguintes regras:

- 1.- O Concello da Coruña sufragará o pago de docentes, horas lectivas, axudas de custo, coordinación e outros gastos de cada curso ou acción formativa.
- 2.- Este convenio non supón custe económico para á AGASP.

SÉTIMA: Requisitos para a obtención do diploma e réxime disciplinario.

Ambos aspectos se regularán pola normativa aplicable na AGASP para cada tipo de acción formativa,

que se especificarán en cada convocatoria.

OITAVA: Comisión de seguimento.

Este convenio será administrado por unha comisión de seguimento composta por dúas persoas designadas por cada parte, que adoptará os acordos por unanimidade.

Esta Comisión, de acordo co establecido no artigo 49.1.f) da Le 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, é o instrumento para o seguimento, vixilancia e control do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes e, exercera as súas funcións de acordo co establecido nos artigos 51.c) e 52.3 da referida Lei.

A AGASP e o concello da Coruña comprométense a resolver por mutuo acordo, no seno desta comisión, cantas diferenzas resulten da interpretación e cumprimento deste convenio, sen prexuízo da competencia do Orde Xurisdición Contencioso – Administrativo para o coñecemento de todas as cuestións e litixios que puideran xurdir.

As xuntanzas da Comisión de Seguimento poderán celebrarse por medios electrónicos.

NOVENA: Vixencia do convenio.

O presente convenio ten vixencia dende a data da súa sinatura ata un máximo de catro anos de duración prorrogándose de xeito automático por anualidades naturais, salvo denuncia de calquera das partes antes da súa finalización, ou da finalización de cada unha das prórrogas. Unha vez rematados os catro anos de duración inicial poderá ser prorrogado, previo acordo escrito das partes, ata completar un período adicional de similar duración.

DÉCIMA: Causas de resolución

De conformidade co establecido no artigo 51.2 da Lei 40/2015, mencionada con anterioridade, son causas de resolución do Convenio:

- A renuncia de calquera das partes, formulada por escrito cun mes de antelación a data na que desexa a finalización do mesmo
- O incumprimento das cláusulas do mesmo.
- O mutuo acordo das partes.

UNDÉCIMA: Modificacións.

As modificacións formalizaranse mediante *Addenda*, cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio se esixen.



DUODÉCIMA: Publicidade

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina web oficial da dita subscripción cos seguintes datos básicos: identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións que contén, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

DÉCIMO TERCEIRA: Natureza e Réxime xurídico.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, quedando excluído da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, de conformidade co establecido no artigo 4.1f) desa norma.

As discrepancias que xurdan pola aplicación do presente convenio serán resoltas pola Comisión de

Seguimento prevista na cláusula oitava. De persistir as mesmas resolverá o Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e a Xunta de Goberno Local do Concello da Coruña, no ámbito das respectivas competencias, poñendo fin á vía administrativa.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas as dúas partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade asínase, por duplicado, no lugar e data arriba indicados.

**POLA ACADEMIA GALEGA
DE SEGURIDADE PÚBLICA**



Luis Menor Pérez

POLO CONCELLO DA CORUÑA



Xulio Ferreiro Baamonde